Desde a Biblioteca Brea Segade temos un grande interese por ir achegando textos rianxeiros ou sobre Rianxo rescatados de un semiesquecemento en bibliotecas, hemerotecas, manuscritos inéditos... Comezamos con este fermoso texto que Ramón Otero Pedraio dedicou ao seu amigo Castelao, morto no desterro uns anos antes.

COS SEUS OLLOS DE AROUSA

os seus ollos de Arousa vai Daniel amodiño polas rúas esculcando recantos. Coida ás veces descubrir furnas cheas de salaios de algún afastado mar. Se pasan mulleres para o mercado, os ollos de Daniel reflicten nubes, gaivotas, ramos... Vainas pescudando... Un intre as pedras alédanse. Daniel, de xovenciño, xa adoutrinado no devalar das horas no Atlántico, vaise decatando de xermolar primaveral e dos outonizos salaios da cidade... Mais ó tempo de gozar sofre. Por que as xentes non teiman escoitar a fala das horas de Santiago?.

Daniel ama aos labregos e aos mariñeiros. Nos entoados soportais pasea o señorío un vello paisano, cheiro de eido, de eido e traballo fatigado, co baixo rumor dos zocos, rendemento e medida do esgrevio da terra, e os ollos claros, verdecentes, como pozancas dos salseiros nos penedos, - é por moitos desprezado, ignorado, ou tido por elemento dunha paisaxe serva,... Daniel ségueo cos ollos, figúraselle máis fermosa a rúa, como se fora de néboas e luz de Arousa feita a nobre harmonía, mira no labrego a vontade e a ilusión erguedoira das torres... E debúxao. Sabe, amantiño, guloso de fraternidade, apañar o sorrir, a faciana labourada polo traballo, as mans... As xentes, consideran quizás con ar de crítica os debuxos, rin, téñenos por graciosos, son "caricaturas" dos paisanos. E Daniel cala e traballa. Cada riscadela do seu lapis leva un acento de dor, de beleza, de esquencemento. Os vellos con alma de neno trasposta no ollar, os cegos coa cova e a tampa xeada dos ollos, o meniño, sepultura da estudantina chaman. Unha foula de alegría enche a badía e os peiraos da cidade. Daniel ri co esqueleto na clase de Anatomía. Ten amor e simpatía polo irónico esqueleto... Cruzando o Hospital couta as bágoas, vai ceibando consolos. A un doente fálalle do seu val e rise con el das charranadas dos cacique, un groso tinque de fixo amparado por algúns daqueles cabaleiros esgumiados, de alto colo, paseantes polos soportais. Se é mociña parola con ela dos seus namoros. Non hai mellor médico do que Daniel. E até estuda un pouco. Ten de compracer a Don Ánxel. Con Don Ánxel fala o estudante da vila de Rianxo... Sempre colleu o barco triste Daniel para a deixar... A gris mañá devaladoira, as gorxas duras das pesqueiras, a figura liviá co gran sombreiro negro e bohemio do artista reflectindo na auga... Moitos mares habíana de reflectir polo mundo. El levaba a luz da Arousa nos ollos... de estudante, aplaudido, grande "Kapel master" da farra e do humor, espallando ideas ao vento como flores unha belida árbore, despois soado artista, home feito de terra e de espírito galego, Daniel chegaba polas rúas compostelás co mesmo degoiro, deixándose levar pola tristura e transcendencia da cidade.

Desde os primeiros días para el se descubría Santiago. Faloulle en galego e Compostela respondeulle leda. Falou en galego co Rei David. Falou na roda e concerto dos velliños inspirados do Pórtico. Para el descubriría a zanfona, e con ela os vellos instrumentos románicos, unha música en galego romance. En galego falou ós bechos das basas: non tiveron noxo e el non tiña medo: con el serían capaces de saír ao mundo. Soubo parolar co apóstolo pescador. Nos fondos silencios da catedral mandara de aquí para alá a liviá forma non rematada da onda, e o latexar das froumas co debuxar de Daniel... Á súa

figura, esguía e longal, ía rente aos espesos muros de pedra e quedaban consolados da súa nudez, do seu cotián testemuñar inmortalidade. Chiscáballe o ollo ás gárgolas. O mal... para Daniel o mal resolvíase nunha caricatura. Pois nela latexa unha posibilidade de amor. Sempre fica a esperanza do home...

Moitas veces temos percorrido, calando as máis, outras "falando das nosas cousas" o Santiago devolveito pola noite á sinceridade e beleza do soño, e á chea verdade devaladoira. O " Parvís de Notre Dame", América, Rusia, os museos do mundo coñeceron e respectaron ao artista. Es sería ditoso con esta definición da súa carreira: saír de Rianxo, chegar a Santiago, e no medio o mundo... Acordaba cediño para descubrir o primeiro lucir do sol, feito "Año de Deus" no cumio das igrexas románicas de Santiago. Santiago quedoulle agradecido, non o pode esquecer. Pois fixo novamente falar en galego ás pedras ata entón mortiñas de xeadas glosas... Cos seus ollos de Arousa o derradeiro sen luz Daniel gardou a luz de Compostela.

Ramón Otero Pedrayo

Este relato pertence a un libro inédito chamado *Do San Lucas ao San Xoán. Sazóns de Compostela*, datado o 31 de Agosto de 1957. Recuperado polo Dr. Domingo García- Sabell, foi publicado na revista Dorna, expresión poética galega. (1982)